

# Actividades Complementarias 16-17

## Educación Secundaria

Data límite para a solicitude **28 de outubro**

Como resultado do convenio de colaboración asinado no mes de xuño de 2014 entre o *Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia* e a *Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio*, no marco da "*Estratexia galega da paisaxe*", queremos facervos chegar a convocatoria de **actividades complementarias 16-17 para Ed. Secundaria** a desenvolver nos meses de, **Abril e Maio de 2017**, co obxectivo de que as poidades incorporar nas vosas programacións de actividades complementarias.

Neste curso académico 16-17, mantemos a oferta de actividades complementarias con algunhas **modificacións nas condicións de participación** nas actividades como resultado do **reaxuste orzamentario** que foi necesario acometer xa nos cursos pasados e que **nos obrigou a reducir nun 50% a oferta de actividades**. Como sabedes, o ProxectoTERRA esta integrado no *Plan Proxecta* da *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria* polo que **os centros inscritos no programa TERRA do Plan Proxecta TERÁN PRIORIDADE na adxudicación das actividades**. Co obxectivo de que poidades realizar a **inscrición no Plan Proxecta antes do 15 de outubro**, queremos recordaros o proceso de solicitude recollido na convocatoria para este curso: <http://www.edu.xunta.es/portal/planproxecta>

As condicións de participación no Plan Proxecta están recollidas na súa convocatoria, debendo recordar que compromete aos centros participantes a desenvolver un proxecto que inclua contidos e obxectivos de diversas materias, áreas ou ámbitos, no que deberán tomar parte, como mínimo, unha persoa coordinadora e un profesor ou unha profesora, de dúas materias distintas. Nosoutros propuxemos para este curso o tema "[O Dereito ao Habitat](#)" que levaremos en colaboración con **Arquitectura Sen Fronteiras** que nos aportarán recursos específicos desenvolvidos por **ASF** e que tedes a vosa disposición na súa [Web](#). Con independencia do tema proposto, os centros poderán propoñer un proxecto de actuación específico propio como alternativa, debendo ser aprobado polo coordinador do programa e que pode incluír traballos específicos relacionados coa unidade didáctica traballada polo alumnado ou coa actividade complementaria realizada.

**OFERTA DE ACTIVIDADES:** Para o presente curso 16-17 é a seguinte:

- 40 Visitas Guiadas de Arquitectura e cidade (1 día): Cota inscrición **50 €**
  - 5 visitas á Coruña
  - 5 visitas a Lugo
  - 5 visitas a Ourense

- 5 visitas a Pontevedra
  - 5 visitas a Vigo
  - 5 visitas a Santiago
  - 5 visitas a Ferrol
  - 5 visitas a Allariz
- 24 Intercambios Territoriais (2 días): Cota inscrición **250 €**
- 4 intercambios Camiño de Santiago Cebreiro-Samos (máximo 35 alumnas/os + 2 profesoras/es)
  - 4 intercambios a Ferrol-Fragas do Eume
  - 4 intercambios a Allariz
  - 4 intercambios a Quiroga-Courel-Ribeira Sacra
  - 4 intercambios a Guimaraes (Portugal)
  - 4 intercambios a Porto (Portugal)

**DATAS PARA AS ACTIVIDADES:** son os días indicados no [formulario de solicitude](#), dos meses de Abril e Maio de 2017.

**PROGRAMA DAS ACTIVIDADES:** Estamos revisando os programas das visitas. Podedes [acceder a un pdf](#) cos programas previstos para cada unha das actividades, pendentes de puntuais e lixeiras modificacións.

**CUSTO DAS ACTIVIDADES:** Neste curso MANTEMOS A COTA DE INSCRICIÓN DE **250 €** PARA OS INTERCAMBIOS TERRITORIAIS. e A COTA DE **50 €** PARA AS VISITAS GUIADAS. Esta cota terá que ser satisfeita unha vez confirmada e aceptada a actividade polo centro. Esta cota non será devolta no caso de cancelación da visita.

Con independencia da cota de inscrición, os centros terán que facerse cargo dos seguintes custos:

- Custo do billete do Metro en Porto.
- Custo da entrada ás Termas da Chavasqueira na visita a Ourense (no caso de non poder ir ás Termas de Outariz).

**FORMULARIO DE SOLICITUDE:** Para facer a solicitude da actividade, teredes que cumprimentar o formulario ao que accederedes [premendo aquí](#). **Os campos con asterisco \* son obrigatorios.**

**É MOI IMPORTANTE QUE ESCOLLADES VARIAS OPCÍONS** de actividade solicitada e datas preferidas, indicando a orde de preferencia nas casillas correspondentes.

O formulario é un pdf con campos nos que podedes escribir directamente, pero debedes gardalo previamente no computador. Se tedes dificultade na edición, imprimide o formulario, cubrideo e enviadeo escaneado. Unha vez cuberto, debedes envialo ao enderezo electrónico [proxectoterra.actividades@coag.es](mailto:proxectoterra.actividades@coag.es)

**MOI IMPORTANTE:** Mantemos a limitación da concesión de actividades a unha única actividade por centro, recordando que **TERÁN PRIORIDADE** na adxudicación das actividades **os centros que estean inscritos no programa TERRA do Plan Proxecta.**

**CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN:** As condicións para poder participar nas actividades do proxectoterra son as seguintes:

- Enviar a solicitude con **data límite do 28 de OUTUBRO** por correo electrónico a [proxectoterra.actividades@coag.es](mailto:proxectoterra.actividades@coag.es)
- Unha vez rematado o prazo, faremos a adxudicación das actividades e a preferencia de datas dacordo aos seguintes criterios:
  - -1. Estar inscrito no programa TERRA do Plan Proxecta 16-17
  - -2. Ter participado no programa TERRA do Plan Proxecta 15-16
  - -3. Vinculación do proxecto presentado ao programa TERRA do Plan Proxecta co desenvolvemento da actividade solicitada.
  - -4. Orde de chegada das peticións.
- Mantemos a limitación da concesión de actividades a unha única actividade por centro, recordando que **TERÁN PRIORIDADE** na adxudicación das actividades **os centros que estean inscritos no programa TERRA do Plan Proxecta**. Aconsellamos presentar varias opcións según as vosas preferencias, indicando opción de datas e orde de preferencia dentro das dispoñibles.
- **alumnado que participe na actividade terá que ter traballado previamente algunha das catro unidades do ProxectoTERRA -PAGUS, Arquitectura Popular, Arquitectura Contemporánea, Identidade Territorial-** dacordo ao seguinte criterio:
  - -1. Visitas guiadas de arquitectura e cidade: Calquera das catro unidades
  - -2. Intercambios territoriais: Camiño de Santiago - Allariz - Quiroga/Courel (PAGUS - Arq. Popular - Identidade Territorial), Ferrol-Fragas do Eume (Arq. Contemporánea - Identidade Territorial), Guimaraes - Porto (PAGUS - Identidade Territorial)
- **número máximo de alumnos será de 50-55** en función das prazas do autobús, debendo acompañar un profesor/a por cada 20 alumnos/as ou fracción, como mínimo, excepto no Camiño de Santiago no que o número de prazas queda reducido a 35 alumnas/os + 2 profesoras/es.
- **número mínimo de alumnas/os será de 25**, acompañados polo menos por dous profesores/as. Podedes poñervos de acordo entre varios centros para a participación nas actividades.
- **custo do autobús correrá sempre a cargo do centro.**
- **alumnado terá que facerse cargo do xantar do primeiro día de actividade.**
- Nos intercambios territoriais, o Proxectoterra farase cargo do aloxamento, da cea do primeiro día e o almorzo e xantar do segundo día de actividade.

**MOI IMPORTANTE:** As actividades do proxectoterra son actividades complementarias polo que deben ter as aprobacións oportunas por parte do centro. **O alumnado participante nos intercambios territoriais a Portugal** deberá dispor da *tarxeta sanitaria europea* e a *autorización da policía* de saída de menores. **O alumnado estará sempre baixo a responsabilidade do profesorado do centro acompañante**, debendo estar sempre presente ao longo das actividades e colaborar cos guías e monitores no seu desenvolvemento. Os guías e monitores dinamizan e guían as actividades, debendo estar sempre acompañados por profesorado do centro que será o responsable do grupo. **O incumplimento desta condición suporá a suspensión inmediata da actividade.**

Recordade que esperamos as vosas peticións a través do noso correo electrónico [proxectoterra.actividades@coag.es](mailto:proxectoterra.actividades@coag.es) , indicando as vosas preferencias nas datas dando

alomenos dúas alternativas, e confiamos poder responder aos vosos intereses.

O noso contacto: [proxectoterra.actividades@coag.es](mailto:proxectoterra.actividades@coag.es)

A nosa nova WEB: <http://proxectoterra.coag.es>

## **REDES SOCIAIS**

Se sodes usuarios de Facebook e Twitter, queremos animarvos a que nos sigades a través dos seguintes enlaces:

<https://www.facebook.com/proxectoterra/?ref=hl>

<https://twitter.com/Proxectoterra>

No pasado curso tivemos moitos problemas cos envíos dos correos que contiñan a información sobre os cursos e actividades que ofertamos, e temos certeza de que non lle chegaron a unha gran parte do profesorado. A través das redes sociais poñemos ao voso dispor outro xeito de poder acceder á información sobre as nosas iniciativas e poder contar coas vosas aportacións de xeito moito mais directo e en compartido na rede.

Recibide unha moi afectuosa aperta do equipo do ProxectoTERRA.

Xosé M Rosales Noves

Coordinador do ProxectoTERRA

610653093

[proxectoterra.actividades@coag.es](mailto:proxectoterra.actividades@coag.es)